

UN PROXECTO DO ILG NO ABALO DA GRAMÁTICA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA*

Xavier Varela Barreiro

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

0. INTRODUCCIÓN

O obxecto desta comunicación é a presentación da actividade do grupo de investigación do ILG denominado *Gramática Histórica da Lingua Galega*, desde a súa constitución no ano 1992 ata a actualidade.

Na primeira parte da comunicación ofrezco unha visión panorámica do *cursus* da gramática histórica. Primeiramente farei referencia ós estudos de alcance realizados con anterioridade á fundación do ILG ou fóra do seu ámbito. A seguir trazarei con dúas pinceladas o desenvolvemento da gramática histórica no ILG.

Na segunda parte da comunicación explico a actividade e os logros concretos do proxecto presentado aquí.

1. UN POUCO DE HISTORIA: OS ANTECEDENTES

1.1. A gramática histórica realizada con anterioridade a 1971 ou fóra do ámbito do ILG

1.1.1. A contribución da tradición filolóxica do portugués

Durante moitos anos, e aínda hoxe, os estudiosos da gramática histórica e da historia do galego baseáronse en grande medida nos estudos deste xénero que se viñeron facendo sobre o portugués desde os inicios dos estudos histórico-comparativos no século XIX.

* Esta comunicación realizouse dentro do proxecto de investigación “Gramática Histórica da Lingua Galega”, desenvolvido no Instituto da Lingua Galega co patrocinio da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Desde Adolpho Coelho no último tercio do século XIX ata Ivo Castro nos comezos dos anos noventa do presente século, foron aproveitados e instrumentalizados no estudio e análise da historia do galego, especialmente no relativo ó período medieval. A simple cita dalgúns dos máis ilustres investigadores na lingüística histórica portuguesa suscita –porque leva implícita– a asociación dos seus nomes á tradición de estudio diacrónico do galego, o cal dá a medida da súa transcendencia entre nós como fontes tradicionais de información: J. Leite de Vasconcelos (1900-1901), C. Michaëlis de Vasconcellos (1911), J. J. Nunes (1919), M. Said Ali (1921), A. E. da Silva Dias (1917), J. Huber (1933), E. B. Williams (1938), I. de Lima Coutinho (1938), S. da Silva Neto (1952), F. Silveira Bueno (1955), J. J. Mattoso Câmara (1972), P. Teyssier (1980), D. García Carvalho e M. Nascimento (1984), R. V. Mattos e Silva (1989), S. Spina (1989), F. Tarallo (1990) e I. Castro (1991). Mais hai que precisar cá l é a utilidade real destes estudos. Primeiramente hai que facer limitacións de cronoloxía. En case todos eles o galego é obxecto de atención –de forma explícita ou implícita– só no período medieval e xeralmente como unha variante dialectal do portugués. Mesmo a consideración dos textos galegos medievais como fontes de ilustración e ou de argumentación é escasa ou nula. Casos como o de Huber son a excepción e non a regra. Que consideren o período pos-medieval só se pode dicir de J. Cornu e I. Castro, máis sen que neles se integre o coñecemento gramatical do galego ó desenvolvemento da gramática histórica. Esta realidade leva á necesidade do establecemento da gramática histórica do galego desde a óptica do propio galego, algo que nestes momentos non está plenamente logrado.

1.1.2. O galego como obxecto de estudio

Se ben hoxe existe acordo máis ou menos unánime na asignación do obxecto de estudio da gramática histórica, que xuntamente coa Historia da lingua, a etimoloxía, a onomástica e a edición de textos constitúe a cerna da orientación historicista no estudio da lingua, durante moitos anos o labor dos investigadores dispersouse por tódalas ramas, mesmo sen que quedase clara a necesidade metodolóxica de diferencia-las orientacións sincrónica e diacrónica. En Galicia temos que esperar á chegada do século XX para ver aberta decididamente a vía propia da gramática histórica, pois non se poden cualificar doutra cousa que de tímidos ou calados intentos os traballos realizados con anterioridade.

Como non podía ser doutra maneira, foi o Padre Sarmiento quen inaugurou o interese polo estudio histórico do galego. A súa curiosidade foi moita e non foi menor a agudeza da súa mirada. Situou no seu xusto punto, que non é outro que o do latín, o debate sobre a orixe da lingua, e percibiu con asombrosa claridade o funcionamento das leis evolutivas que rexen a súa historia, moi especialmente as de carácter fonético. Para esta ciencia, a *etimoloxía*, propuxo e aplicou ó estudio histórico da fonética do galego –e do castelán– un método sistemático –*método de Euclides*– composto por cerca de 120 teoremas que abranguen –na maior parte dos casos con acerto– os aspectos fundamentais da fonética histórica destas linguas. Esta doutrina aparece dispersa en moitas das obras de Sarmiento, mais atópase formulada de xeito compacto nalgunhas, como

(1) Protesta humilde, confesión ingenua y testimonio veraz del que, a ratos perdidos, pienso escribir sobre estos Elementos etimológicos según el método de Euclides; (2) Método de Euclides; (3) Teoremas etimológicos; (4) Discurso apologético por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las lenguas vulgares.

No século XIX non ten a penas eco ningún a chamada de Sarmiento. Cunha lingua ignorada, subsumida no portugués ou desprezada, Galicia dorme mentres no resto de Europa ferve a lingüística de corte historicista no último tercio do século co impulso dos Neogramáticos. A escala moi doméstica maniféstase o historicismo na *Gaita gallega* de Pintos (1853), obra de carácter introductorio e sen fundamento científico. Ó longo de 25 páxinas presenta o tamborileiro Pedro Luces máis de mil cincocentas palabras coas súas correspondencias latinas, en demostración da orixe latina da lingua galega. Non se pode dicir que Pintos faga outra cousa que manter lixeiramente aceso o facho do interese historicista na análise –aínda precientífica– da lingua.

O século XX comeza, inopinadamente, coa aparición dunha obra que non cabía esperar, dado o estado de extrema precariedade no que se atopaba a lingüística histórica do galego. Refírome, naturalmente, ós *Elementos de gramática histórica gallega* do soriano Vicente García de Diego, editados en Burgos no ano 1909. O sentido da aparición de obras xerais de gramática histórica tiña moito que ver coa realización previa de traballos menores referidos a distintas épocas da historia da lingua e a diferentes aspectos da mesma. A suma crítica de todos eles permitía a perspectiva globalizante que se require para abordar con garantías a elaboración dunha gramática histórica. E non parece que esta fose a circunstancia na que se xestou a obra de García de Diego. Como apunta Filgueira Valverde na Presentación da edición facsimilar de 1984¹, cando o autor escribe esta obra carece de antecedentes propiamente galegos e son poucas as referencias de investigación contemporáneas que podían facilitarlle o labor. Por aqueles tempos traballaba na elaboración dun léxico do galego literario medieval Víctor Said Armesto, e Manuel Rodríguez y Rodríguez publicara en 1898 *Origen filológico del idioma gallego* e en 1900 o estudio gramatical que figura na edición da *Crónica Troyana* de Andrés Martínez Salazar, sendo o último un complemento do outro.

A estancia de García de Diego en Pontevedra entre 1904 e 1907 propicia o contacto coa cultura e a lingua de Galicia e lévao, en definitiva, a escribi-lo seu primeiro estudio serio sobre unha lingua románica.

A estrutura da obra sitúase na liña da maioría dos manuais do mesmo carácter doutras linguas europeas. Céntrase na presentación dos feitos de evolución fonética e morfolóxica, deixando de lado o relativo á sintaxe e ó léxico².

¹ V. García de Diego: *Elementos de gramática histórica gallega. (Fonética-Morfología)*. 1909. Santiago de Compostela: Secretariado de Publicacións da Universidade de Santiago, 1984 (Anexo 23 de *Verba*), pp. V-IX.

² Dedicalle 23 páxinas ás fontes (*orígenes*) do léxico galego, entre as cales figuran elementos ibéricos, célticos, gregos, latinos, xermánicos, árabes, americanos e neolatinos.

Nos capítulos nos que se ocupa da fonética distingue entre cambios fonéticos espontáneos e condicionais. Nestes últimos diferencia entre cambios puramente fonéticos (asimilación, disimilación, metátese, adición e subtracción), cambios fonético-morfolóxicos (contaminación de palabras e contaminación de formas) e cambios fonético-sintácticos (sinalefa eliminatória, asimilación, disimilación, contracción, adición, perda de consoantes simples e redución de consoantes agrupadas).

Nos capítulos ocupados na morfoloxía pásalles revista ós cambios sintácticos acontecidos na órbita das distintas clases de palabra: substantivo, adxectivos (cualificativos, numerais, demostrativos, relativos e indefinidos), artigo, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección. Tamén trata a historia dos afixos.

Como dato curioso e de certa relevancia na historia da filoloxía galega, presenta un apartado no que se atende ás diferencias locais ou dialectais do galego da época.

Os *Elementos* seguen a ter un importante e variado valor hoxe. Co seu auxilio e o da recentemente publicada *Gramática histórica galega* de M. Ferreiro, as distintas promocións de alumnos de Filoloxía Galego-Portuguesa poden achegarse á atmosfera da gramática histórica do galego desde o punto de vista do propio galego, o que evita, aínda que só sexa parcialmente, servidumes a outras linguas que dispoñen de recursos de investigación e bibliográficos de gramática histórica, como o portugués ou o castelán.

Vista en conxunto, e dada a xuventude do autor cando os publica –30 anos–, os *Elementos de gramática histórica gallega* é un froito logrado da filoloxía galega equiparable ós que se daban contemporaneamente nos dominios doutras linguas romances. Como di A. Santamarina en expresión sucinta, “*A lingüística histórica galega inaugúrase co estudio, bo para a época, de García de Diego*”³.

Outra obra que salienta Santamarina no seu traballo⁴ e que supón un paso firme é *Evolución y revolución en romance* de Carlos Peregrín Otero⁵. Aínda non sendo un estudo centrado exclusivamente no galego, pois aborda a fonética e a morfoloxía históricas das linguas romances da península ibérica, ten o seu valor pola incorporación de metodoloxías novas no estudio lingüístico (a metodoloxía xenerativista) e, sobre todo, pola acertada visión hispánica conxunta coa que se consideran os feitos do cambio lingüístico. Destaca a posición que lle concede ó galego no concerto das linguas románicas da península ibérica. É a lingua máis arcaica de todas elas e a que representa aínda hoxe, despois de máis de mil anos, parcelas do romance común que debeu falarse en todo o territorio hispánico. Tamén é estimable o esforzo realizado no intento de establecemento da cronoloxía relativa dos cambios fonéticos, ausente en moitos estudos, mesmo de grande entidade e porte.

³ A. Santamarina: “Estado e tarefas da lingüística galega”, en *Actes du XVIIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*, tomo VII, pp. 289-310.

⁴ *Ibidem*, p. 305.

⁵ Barcelona: Seix Barral, 1971, 1976.

Esta esquemática introducción cumpriu durante varios anos o papel de primeira guía, mesmo para os estudantes de filoloxía galego-portuguesa, e foi o primeiro paso adiante dado en firme desde que en 1909 Vicente García de Diego publicase os seus *Elementos*.

De principios desta mesma década é a tese de doutoramento de J. Álvaro Porto Dapena. Foi presentada en Madrid co impulso de Dámaso Alonso e a dirección de Zamora Vicente e está na liña das teses de fala que contemporaneamente estaban a realizar na Universidade de Santiago de Compostela persoas como Antón Santamarina, José Luis Couceiro ou Manuel Taboada baixo a orientación de Constantino García. Comparte con elas o enfoque filolóxico nos estudos dialectolóxicos e gramaticais e a canle de publicación (é o Anexo 9 de *Verba* [1977]). Aínda que o seu título non contribúa a supoñelo (*El gallego hablado en la comarca ferrolana*), contén un minucioso estudio de fonética histórica incluído no bloque de *Fonética y fonología* co epígrafe *Fonética diacrónica*. Constitúe a parte de maior densidade e está artellado en dous grandes capítulos: o *Vocalismo* (pp. 51-76) e o *Consonantismo* (pp. 77-101). Non se limita a presentar descriptivamente e ordenadas as mudanzas fonéticas verificadas no topolecto ferrolán. Aborda con espírito e compromiso crítico as cuestións máis problemáticas desta disciplina e ofrece para elas unha explicación máis propia de obras de corte especificamente diacrónico e que xeralmente é convincente. No vocalismo salienta o apartado segundo (pp. 54-63), no que pasa revista ós efectos da metafonía sobre o vocalismo tónico tendo moi presentes os desenvolvementos metafónicos do portugués e do asturiano (§ 2. *Evolución condicionada por metafonía*). Sitúa a metafonía nos paradigmas nominais e descarta que as alternancias do radical do presente de indicativo poidan responder á súa acción. No consonantismo son destacables –por atinadas– as explicacións relativas a /b/ e /v/ e á gheada (pp. 78-80) e tamén as referentes ós resultados de /n/ intervocálico (pp. 91-94). Aínda non sendo esta unha obra especificamente diacrónica nin ocupándose da xeneralidade da lingua galega, o sistematismo da súa exposición e o rigor co que son tratados os temas de máis difícil explicación fixeron dela unha excelente introducción á fonética histórica –e mesmo unha fonética histórica esquemática– nun tempo no que escaseaban os materiais científicos neste dominio para o galego.

Para o lector atento ós avances da lingüística histórica en Galicia non pasou, nin moito menos, desapercibido un libro de Amable Veiga Arias con título que recorda outro de Menéndez Pidal e ó que semella, gardando diferencias de alcance. É este libro *Algunas calas en los orígenes del gallego*⁶, presentado primeiramente como tese de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela. Estudia o período de penumbra que ve nace-lo romance en Galicia e ó mesmo tempo preside as últimas boqueadas do latín. É unha obra ambiciosa e que entrañaba un grande risco de extravío, como pon de manifesto o autor:

⁶ Vigo: Galaxia, 1983.

«... encierra todos los riesgos y peligros propios de la navegación por aguas poco exploradas. Por eso somos conscientes de que es grande el peligro de que hayamos incurrido en falsas interpretaciones y sobre todo en omisiones ...»⁷.

O corpo de estudio é un conxunto de documentos latinos de Sobrado, Celanova, Xubia, Santiago, Oseira, Penamaior, Ribas de Sil, Montederramo, Santa Comba de Naves, Rocas, etc., escritos entre os séculos VIII e XII ou XIII. En liña coa investigación de tipo fonético e fonolóxico que Amable Veiga realizou ó longo da súa traxectoria, estudia basicamente cuestións de orde fonolóxica e fonética, tales como os resultados de KW e GW, de [W] xermánico, dos grupos latinos [RS], PL, FL e CL; o estado dos ditongos [ei] e [au]-[ou], e os resultados de [l] e [n] intervocálicos. Todos eles representan cuestións de grande tradición polémica nos estudos de filoloxía galega e portuguesa e a análise efectuada por Amable Veiga confirma hipóteses que se presentaran sen ter coñecemento preciso do estado da nosa lingua nos seus albores e desmente outras que se presentaban como dificilmente refutables.

Ademais do valor estritamente gramatical, *Algunas calas* é unha inestimable contribución á onomástica galega, terreo no que sitúa boa parte do seu interese o autor á hora de estudar os textos latinos.

Un lugar destacadísimo ocupa a monumental *História do Galego-Portugués* coa que nos regalou Clarinda de Azevedo Maia no ano 1986. Foi tal o seu impacto, que en moi pouco tempo esgotou a edición.

A súa aparición veu encher un espacio que desde había moito se sentía baleiro. Autores como Pilar Vázquez Cuesta e María Albertina Mendes da Luz ou Ramón Lorenzo puxeran de manifesto anteriormente a necesidade de realización de estudos rigorosos dos documentos medievais galegos e portugueses como complemento dos realizados sobre as obras literarias, tanto en prosa coma en verso, e tamén, e sobre todo, como vía de recoñecemento do estado do galego e do portugués, ou do galego-portugués, na época medieval:

«Ahora bien ¿hasta qué punto divergían, ya en este primer período, gallego y portugués? Resulta un poco pronto para decirlo. Faltan estudios sobre documentos de las dos zonas que nos aseguren una visión de la realidad idiomática más auténtica que la que los Cancioneros galaico-portugueses dejan transparentar»⁸.

«... falta un estudio sistemático de los textos y documentos arcaicos, que podría darnos una visión real de los hechos. Habría que disponer de trabajos que recogiesen peculiaridades lingüísticas de todas las zonas y de esta manera podríamos llegar a trazar el dominio aproximado de las peculiaridades regionales. En cuanto no se haga esto los cálculos serán provisionales»⁹.

⁷ *Ibidem*, p. 13.

⁸ Vázquez Cuesta, P. / Mendes da Lus, A.: *Gramática portuguesa*. Madrid: Gredos, 1971, p. 196.

⁹ R. Lorenzo: "Gallego y portugués. Algunas semejanzas y diferencias", en *Filología y didáctica hispánica. Homenaje al Profesor Hans-karl Schneider*. Hamburg: Helmut Buske, 1975, p. 157.

Desde Galicia sentiuse sempre a historia da lingua de xeito diferente a como se sentiu desde Portugal, basicamente pola preocupación por establece-lo máis axustadamente posible as semellanzas e as diferencias entre o galego e o portugués. Por iso é reiterativo o lamento pola ausencia de estudos encamiñados a dar máis luz sobre este particular. Exustamente este foi o motivo que impulsou a Clarinda Maia a emprende-la tarefa.

A base sobre a que asenta o traballo é un conxunto de 168 documentos galegos e portugueses pertencentes ó período que media entre os anos 1255 e 1516. Son documentos escritos nas catro provincias galegas (A Coruña –18–, Lugo –33–, Ourense –39– e Pontevedra –46–) e nas provincias portuguesas do Douro Litoral –14– e do Minho –18–. A súa edición constitúe un dos elementos esenciais do traballo, dada a pouca fiabilidade de moitas das edicións existentes, sobre todo na parte galega. O resultado é admirable pola súa fidelidade ós manuscritos e marca unha pauta que haberá que ter moi presente no futuro.

Ademais da edición dos documentos, acompañada dunha ampla e sisuda introdución e constituínte do primeiro capítulo, figura na obra un apartado –o primeiro do 2º capítulo (*Estudo lingüístico*)– ocupado na descrición moi polo miúdo da representación gráfica nos documentos. Son algo máis de 200 páxinas ateigadas de finas observacións e análises precisas que sitúan o coñecemento da grafía medieval nun lugar realmente privilexiado en relación a outros aspectos do estudio lingüístico.

As partes 2 e 3 do segundo capítulo ocúpense, respectivamente, da fonética histórica e da morfosintaxe. Nunha e máis na outra combínanse en proporcións adecuadas a realidade presente nos documentos e o coñecemento da historia e da realidade actual das linguas galega e portuguesa. Xuntamente coa presentación dos feitos textuais analízanse criticamente as explicacións filolóxicas presentadas con anterioridade nas obras consultadas e ofrécese un admirable panorama que se aproxima enormemente a un estado da cuestión punto por punto e con inclusión de interesantes suxestións de cara ó futuro.

No capítulo III presenta Clarinda Maia as súas conclusións ós retos que afrontou cando iniciaba o seu traballo alá polos anos setenta. Son conclusións pasadas polo crisol dos anos e do esforzo xeneroso, que merecen de Ramón Lorenzo, un dos impulsores involuntarios deste traballo, o seguinte xuízo:

«Por primeira vez temos unha publicación en Portugal que se enfrenta sistematicamente ós problemas lingüísticos do galego, dunha maneira seria e con autoridade. Pódense discutir moitos postulados ou presentar unha doutrina contraria, ó mellor tamén pouco convincente, pero o que non podemos dudar é que a *Historia* é unha magnífica aportación ós estudos lingüísticos e debémoslle agradecer á autora o esforzo de tantos anos de traballo, porque pagou a pena á vista dos resultados»¹⁰.

Do ano 1989 é a obra de Eligio Rivas Quintas *Lingua galega. Historia e fenomenoloxía*. É un caudaloso compendio de materiais lingüísticos de tódalas épocas da historia

¹⁰ «Algunhas consideracións sobre a *Historia do Galego-Portugués* de Clarinda de Azevedo Maia”, en *Verba*, 14, 1987, p. 488.

da lingua. Os contidos aparecen ordenados en cinco grandes capítulos nos que se atende á fixación do espazo xeográfico da lingua galega (§ I), ós elementos constitutivos do léxico (§ II), á derivación afixal (§ III), á morfosintaxe (§ IV) e á fonética (§ V). En cada capítulo analízanse os materiais baixo os prismas sincrónico e diacrónico, pero móstrase unha clara preferencia polo enfoque histórico. Os capítulos IV e V merecen aquí mención especial, pois conteñen a información de maior pertinencia para a gramática histórica. Neles faise alarde dun coñecemento minucioso da realidade oral da lingua actual e das fontes textuais medievais. É unha obra de consulta moi recomendable, pois é moi rica en información.

No ano 1995 viu a luz o segundo –e ata o de agora último– manual de gramática histórica da nosa lingua. Debémosllo a Manuel Ferreiro, profesor da Universidade da Coruña. Publicouno co título *Gramática histórica da lingua galega. I. Fonética e Morfosintaxe*. Esta obra é ó mesmo tempo clausura dun longo período de oitenta e seis anos –desde os *Elementos* de García de Diego– e inauguración dunha nova época na que xa non fai falta recorrer a materiais vellos e mesmo anticuados para explicar cousas para as que a actualidade demanda novas formas e puntos de vista. Un dos valores máis importantes desta obra é o traballo que supuxo de compendio, revisión e actualización da doutrina de obras anteriores de gramática histórica galega e portuguesa. Tívoise en conta todo tipo de contribución, desde as obras de grande alcance ata as máis particulares e específicas, tanto de galego coma de portugués. Tamén constitúe un signo de identidade a atención constante á realidade dialectal do galego actual. A presenza desta perspectiva facilita a comprensión dos mecanismos dos cambios e da súa espacialidade e confírelle ó manual un plus engadido no seu peso específico. Non tería sentido prescindir do concurso da dialectoloxía como disciplina auxiliar, máxime se se teñen en conta os grandes avances da dialectoloxía galega nos últimos vinte anos.

Ocúpase das materias tradicionalmente atendidas nos manuais de gramática histórica –a fonética e a morfoloxía–, se ben se pode dicir que é máis profunda e elaborada a parte correspondente á fonética. Tanto unha coma a outra aparecen dispostas segundo os patróns clásicos deste tipo de manuais, debido á intención do autor de non romper cunha fecunda tradición centenaria compartida coa filoloxía románica e coas filoloxías particulares das linguas románicas, en especial a portuguesa.

Os capítulos correspondentes á fonética (§ 1a-§ 143b) organízanse en tres bloques heteroxéneos. Os dous primeiros ocúpanse dos cambios regulares no *vocalismo* (§ 1a-40b) e no *consonantismo* (§ 41-143b). O vocalismo preséntase na observancia da distinción entre unidades simples (vocalismo tónico [§ 2-9c] e vocalismo átono [§ 10a-21e]) e unidades complexas (ditongos [§ 22-27d] e hiatos [§ 28-39c]), co apéndice das vocais nasais medievais (§ 40a-b). Os apartados correspondentes ó consonantismo tamén están presididos na súa organización pola extensión das unidades. As consoantes non agrupadas son estudadas atendendo ó modo de articulación (oclusivas [§ 43a-61], fricativas [§ 62-68c], laterais [§ 69a-72b], nasais [§ 73a-83c] e vibrantes [§ 84a-87d]) e dentro

deles atendendo ó contexto (inicial, intervocálico e final). As consoantes agrupadas (*grupos consonánticos*) dispóñense segundo as regras de combinatoria: oclusiva ou fricativa + R (§ 88-89d), oclusiva ou fricativa + L (§ 90a-91e), outros grupos de oclusiva + consoante –xeralmente heterosilábicos– (§ 92a-100c), nasal + consoante (§ 101a-101f), outras secuencias consonánticas (§ 102), consoante + semiconsoante (§ 103-114c). Estes apartados están precedidos por un breve resumo do sistema consonántico latino (§ 41) e das grandes transformacións tardolatinas (§ 42a-42d), e seguidos dunhas consideracións globais sobre a evolución do sistema consonántico galego (§ 115a-125). No terceiro bloque (*outras evolucións fonéticas*) figuran cambios vocálicos e consonánticos de carácter pouco regular, como a asimilación, a disimilación, a aférese, a síncope, etc. (§ 126a-143b).

Os contidos de morfoloxía histórica vertébranse sobre as clases de palabras: nome (§ 144-151b), pronomes persoais (§ 152-158), artigo (§ 159-161), demostrativos (§ 162-163d), posesivos (§ 164-165b), relativos, interrogativos e exclamativos (§ 166a-166b), indefinidos (§ 167-168d), numerais (§ 169-174), verbo (§ 175-233), adverbio (§ 234a-242), preposición (§ 243-244e), conxunción (§ 245a-245d) e interxección (§ 246). Destacan pola súa fondura fronte ós demais os apartados do verbo.

A aparición desta obra cubriu varios espazos moi necesitados de atención desde había varias décadas. Ofrecelle ó estudante universitario das titulacións de Filoloxía Galego-Portuguesa e Filoloxía Galega unha valiosa ferramenta na súa formación académica. Por outra banda ábrelle ó investigador unha porta propia de acceso ó coñecemento da historia do galego, diferenciada ou distanciada da que representan os estudos de portugués, que durante décadas foron a única vía dispoñible.

Polo camiño deixamos algunhas obras de carácter xeral e de valor dispar que foron o resultado do labor de afeccionados. A *Filología de la lengua gallega* de José de Santiago y Gómez (1918) non di nada novo ós poucos anos da publicación dos *Elementos* de García de Diego. No ano 1935 publicou A. Couceiro Freijomil *El idioma gallego*, no que incluíu un meritorio capítulo dedicado á fonética histórica (pp. 101-172). No ano 1976 publicouse en Buenos Aires a curiosa *La lengua gallega (primitiva lengua visigótica)* de Francisco Rodríguez, na que, entre outras afirmacións que ben poderían ser cualificadas de disparatadas, deféndese o carácter galego do *Mio Cid*.

1.2. A investigación en gramática histórica no Instituto da Lingua Galega¹¹

Os estudos lingüísticos de corte histórico xa gozan dunha relativamente longa tradición no Instituto da Lingua Galega. Xuntamente co dicionario histórico, a onomástica ou a historia externa da lingua é un bo exemplo de liñas de traballo de atención e dedicación permanente. O caso da gramática histórica é un tanto especial, pois o seu desenvolve-

¹¹ Un substancioso resumo da investigación da gramática histórica no ILG ata o ano 1990 pódese ver en F. Fernández Rei: “O Instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego”, in M. Brea / F. Fernández Rei (eds.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Tomo I, 1991, pp. 15-46 (especialmente 35-38).

mento non tivo a mesma repercusión pública que outras áreas de estudo, dinamizadas por unha maior urxencia na demanda de realización e publicación de manuais específicos. Do lado da sincronía pódese dicir que os progresos foron vertixinosos. A gramática ou a lexicografía do galego actual reclamaron con prema desde o inicio a realización de manuais e dicionarios a distinto nivel, de cara a que tanto o investigador coma –sobre todo– o escolar, así como tamén o curioso, dispuxesen de instrumentos serios para o estudo e a aprendizaxe da lingua.

Os estudos de gramática histórica permaneceron ligados case exclusivamente á actividade académica universitaria, de xeito que a maior parte dos traballos feitos ata o momento son teses de licenciatura, teses de doutoramento ou publicacións derivadas delas. Neste ámbito o Instituto da Lingua Galega, como instituto de investigación supradepartamental, foi un importante foco dinamizador e un factor aglutinante do esforzo de moitas persoas de distinta procedencia pero preocupadas por esta disciplina. Non é esaxeración afirmar que, desde a súa fundación en xullo de 1971, a maior parte dos traballos de gramática histórica da lingua galega foron feitos no seo desta institución.

O interese pola gramática histórica aparece no ILG claramente desde o seu nacemento. Nos primeiros tempos foi fundamental o impulso dado por Constantino García ás promocións de filólogos que iniciaban a súa andaina investigadora. O daquela catedrático novo tivo moito que ver na marcada preferencia pola filoloxía galega na elección de liña de investigación por unha parte importante dos que naqueles anos comezaban a realiza-las súas teses de licenciatura e de doutoramento en lingüística. Da súa dirección saíu a primeira fornada de estudos académicos de dialectoloxía e de gramática da lingua galega e en case todos eles concedéuselle unha atención significativa á diacronía, en sintonía coa orientación preferente dos estudos gramaticais na universidade galega –e española en xeral– daqueles anos. Os primeiros froitos foron as teses de licenciatura e de doutoramento de Antón Santamarina, José Luis Couceiro, Guillermo Rojo, Manuel Taboada e Francisco Gondar, que tomarían o relevo como directores en décadas posteriores. Con elas enchéronse de contido os primeiros anexos da revista *Verba*, alimentada polo mesmo impulso que fixo nace-lo Instituto da Lingua Galega.

Os traballos de Antón Santamarina, José Luís Couceiro e Manuel Taboada responden ó perfil dos “estudios de fala” pero non son exclusivamente sincrónicos. Santamarina fai descrición do galego do Val de Suarna na súa tese de doutoramento, presentada no ano 1973 co título *El habla del Valle de Suarna*. Dun dos seus capítulos deriva directamente o libro *El verbo gallego* (1975. Anexo 4 de *Verba*), no que se incorpora a maiores un minucioso estudio diacrónico da morfoloxía do verbo desta zona da provincia de Lugo (§ 2: *Flexión verbal: explicación diacrónica*). Polo rigor metodolóxico, a exhaustividade das fontes bibliográficas manexadas e a prudencia nas súas propostas converteuse de seu esta obra no primeiro capítulo da nova gramática histórica da lingua galega. Hoxe conserva toda a súa vixencia e continúa a ser lectura imprescindible –e suficiente– para o coñecemento da historia da expresión do verbo galego, feita desde os

principios metodolóxicos da morfoloxía propugnados para o portugués por J. Mattoso Câmara. Tamén se adentrou nos dominios da fonética histórica apuntando unha solución convincente ó problema das causas da aparición da gheada no seu estudio “Novas consideracións ó redor das orixes da ‘geada’” [en *Verba*, 7 (1980), pp. 243-249]. Foi mágoa que a dinámica da vida académica e outras urxencias da normalización cultural de Galicia afastasen pronto da gramática histórica un dos seus investigadores máis preclaros.

José Luís Couceiro estudou o galego de Feás (Aranga, A Coruña) na súa tese de doutoramento, presentada no ano 1973 co título *El habla de Feás* (publicada como anexo 5 de *Verba* en 1976). Nesta obra ocupan un lugar prominente as explicacións de fonética histórica, ás que se lles concedeu un dos tres capítulos que a conforman (o 2º). Este capítulo dá conta fiel da deriva fonética deste dialecto na súa historia e é un excelente esbozo do que podería ser naquela altura unha fonética histórica da lingua galega xeral. Tampouco é desprezable a información diacrónica da que se acompañan algún apartados da morfosintaxe (*el caso e el género* no nome [§ 104, 106] e diferentes aspectos do verbo [§ 123-130]). A súa traxectoria docente foi un reflexo da súa querencia polos estudos históricos.

Manuel Taboada ocupouse do galego das terras de Monterrei (Ourense) na súa tese de doutoramento, presentada no ano 1976 e titulada *El habla del Valle de Verín*. Na publicación derivada dela, *El habla del Valle de Verín* (1979. Anexo 15 de *Verba*), a información correspondente á fonética e á fonoloxía deste topolecto non só inclúe un caudal importante de explicacións diacrónicas senón que constitúe con elas un apartado propio na obra (§ 2.2: *Estudio diacrónico*) elaborado ó xeito e co rigor dunha pequena –pero esencial– fonética histórica dese topolecto e cun peso non menor que o correspondente ó do estudio sincrónico (§ 2.2). O abandono do enfoque diacrónico na morfosintaxe non impide que nalgún apartado a información estea “trufada” de datos históricos de enorme interese –o apartado do xénero no substantivo (§ 3.1.1.A)–. Como as anteriormente citadas de Santamarina e Couceiro, esta obra supliu durante bastantes anos as carencias manifestas dos estudos específicos de lingüística histórica e conserva plena vixencia na actualidade.

Os traballos de Guillermo Rojo e Francisco Gondar inician os estudos de gramática no ILG. Guillermo Rojo defendeu a súa tese de doutoramento no ano 1972: *Construcciones perifrásticas verbales en gallego*, publicada posteriormente como *Perífrasis verbales en el gallego actual* (1974. Anexo 2 de *Verba*). Nela préstaselle unha atención case exclusiva á lingua actual, mais iso non impide que nalgún punto do desenvolvemento dos contidos se recorra á exposición da evolución no marco románico xeral como reforzamento dalgunha postura teórica (§ IV.2: *La futuridad*) ou ó testemuño da lingua medieval para perífrases temporais afectadas por algunha problemática de análise: temporais (*aver a* + infinitivo [§ IV.3.3]), aspectuais (*andar* + xerundio [§ V.2.3]) e modais (*deber (de/a)* + infinitivo [§ VI.2.6]). Francisco Gondar ocupouse do infinitivo conxugado na súa tese de licenciatura, presentada en 1976 co título *O infinitivo conxugado en*

galego e publicada en 1978 como anexo 13 de *Verba* co mesmo título. É un estudio sincrónico, mais as peculiaridades desta forma infinitiva levaron ó autor a concederlle unha gran importancia á diacronía ó se-la súa orixe unha das cuestións máis relevantes do seu estudio e mesmo unha “cuestión palpitante” das filoloxías galega e portuguesa. A obra é un modelo de esculca nun dos máis complexos e estudiados problemas da tradición filolóxica galego-portuguesa (cap. 1. *O infinitivo conxugado: denominación, orixen e esencia*) e tamén de aproveitamento dos coñecementos diacrónicos para a realización e fundamentación dunha descrición sincrónica, reflectido no permanente diálogo entre exemplos medievais e modernos (pp. 96, 101-102, 109-110, 112, 119-120, 123-124, 126, 127, 129-131, 133-134). Presenta tamén o mérito de aborda-las cuestións sintácticas na historia desta forma conxugada e de inaugurar no ILG os estudos de sintaxe da lingua galega.

Desta mesma época son algunhas teses de licenciatura de temática especificamente diacrónica dirixidas tamén por Constantino García e que non chegaron a ve-la letra impresa, como o *Estudio histórico del artículo en gallego*, presentada por M. J. Fernández Jiménez en 1971 ou os *Verbos auxiliares en las “Cantigas de escarnho e de mal dizer”* de M^a Pilar Barreiro Mosquera (1972).

Unha segunda vaga iníciase coa presentación das teses de licenciatura de Xosé Xove no ano 1977 e de María Xesús Dono e de Victoria Ogando no ano 1978. Con elas inaugúrase o estudio morfosintáctico da lingua medieval e é destacable que, sendo os primeiros traballos, se primase neles a sintaxe e a semántica. Xosé Xove dedicou a súa tese de licenciatura ó estudio dos valores semánticos da temporalidade verbal (*A temporalidade verbal nas “Cantigas d’escarnho e de maldizer”*); nela aplicou con acerto os modelos semánticos empregados contemporaneamente para a descrición das linguas modernas. María Xesús Dono defendeu *O posesivo e outras formas de expresa-las mesmas relacións na prosa galega medieval*. Nesta obra ofrece unha descrición detallada do funcionamento do posesivo en tódolos contextos sintácticos que lle eran propios na Idade Media e explora con éxito os dominios da semántica na explicación dos vencellos deste pronome con outros recursos de expresión concomitantes. Victoria Ogando presentou *A colocación do pronome átono no galego-portugués medieval*, publicada parcialmente en 1980 (“A colocación do pronome átono en relación co verbo no galego-portugués medieval”, *Verba*, 7, pp. 251-282). É un estudio descritivo da orde de aparición dos clíticos na oración medieval. Apóiase na autoridade que representa o interese tradicional da filoloxía románica por esta cuestión da sintaxe e no minucioso levantamento de estruturas realizado. Abriu unha liña de estudio dos clíticos que se amosou moi fructífera nas décadas seguintes.

Pódense considerar neste terreo as teses de doutoramento de Francisco Fernández Rei e de Rosario Álvarez Blanco. En *O verbo. Contribución á dialectoloxía galega* (1979) fai Fernández Rei unha primorosa descrición dialectal da morfoloxía verbal galega actual e acompañaa de frecuentes comentarios e explicacións diacrónicas que fan desta

obra un chanzo máis na tradición de orientación diacrónica. En grande medida os dous grosos tomos do volume I do *Atlas Lingüístico Galego*, redactados por Fernández Rei e publicados no ano 1990, son o resultado do esforzo descomunal desenvolvido para a realización da tese de doutoramento. Están ateigados de comentarios diacrónicos e conteñen todo aquilo do que sempre desexou dispoñer o estudioso da morfoloxía histórica do verbo. Noutras obras súas de dialectoloxía fai incursións no terreo da diacronía. Neste sentido é moi salientable a súa *Dialectoloxía galega* (1990), pois nela realiza unha completísima caracterización global de dous dos fenómenos máis relevantes da dialectoloxía do galego: a gheada (§ II.1) e o seseo (§ II.2). No capítulo da gheada detense na cuestión da súa orixe (§ II.1.3) e pasa revista ás distintas teorías formuladas. Decántase abertamente polas “teses mecánicas e estruturalistas” e con moita pertinencia pon en relación este fenómeno galego coa “gorgia” toscana. No capítulo do seseo ofrece unha acertada panorámica da orixe e da dinámica de desenvolvemento dos distintos sistemas de sibilantes do galego (§ II.2.5). Teño constancia da existencia de materiais didácticos de historia interna da lingua galega, elaborados e empregados por Fernández Rei nas aulas na docencia da materia *Lingüística Románica*. Á utilidade que xa demostraron ter no seu día eu engadiría o interese que tería ver algún día publicados estes materiais como *Historia da lingua galega*, xa que o seu enfoque romanístico diferénciao claramente das outras obras das que dispoñemos na actualidade sobre este asunto.

Tamén ten un evidente interese diacrónico a obra, aínda inédita, *O pronome persoal en galego* (1980) que presentou como tese de doutoramento Álvarez Blanco en 1980. Nesta obra, centrada no estudo gramatical destas unidades na actualidade, evidénciase un grande interese polos estadios anteriores da historia da lingua e faise unha boa descrición do pronome persoal na Idade Media que permite traza-la súa liña evolutiva. Da morfoloxía medieval dalgunhas formas clíticas trata o seu estudo “As Formas de dativo e a expresión do número en galego medieval: Lle/lles, llo/llelo”, publicado en *Verba*, 21 (1994), pp. 133-166. Abordou a metafonía nominal no seu traballo “Consideracións sobre a metafonía nominal galega”, aparecido en 1988 na *Homenagen a Joseph M. Piel por ocasión do seu 85º aniversario* (pp. 141-157). Como orientadora promoveu as teses de licenciatura e de doutoramento de Ramón Mariño Paz, nas que se inaugura no ILG o estudo da lingua dos textos das primeiras décadas do século XIX: *Estudio dos primeiros textos en galego do século XIX, con especial atención ás “Proezas de Galicia” (1810)* [1986] e *Estudio fonético, ortográfico e morfolóxico de textos do prerrexurdimento galego: 1805-1837* [1991].

Este investigador continuou na liña diacrónica e nos últimos anos publicou interesantes traballos con este perfil. Na liña dos traballos antes citados están “Testemuños de gheada nos primeiros textos galegos do século XIX” [in R. Lorenzo (ed.) (1994): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas. Universidade de Santiago de Compostela, 1989. Sección VI. Galego. Sección VII. Romania Nova. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, pp. 207-222], “O Su-*

fixo número-persoal da P5 en galego: o retroceso moderno da solución ‘cantás’” [*Cadernos de lingua*, 5 (1992), pp. 75-97] e, sobre todo, o estudio lingüístico realizado no estudio introductorio da edición do *Coloquio de vinte catro galegos rústicos* (pp. 20-95) (Fr. Martín Sarmiento (1995): *Coloquio de vinte catro galegos rústicos*. Edición crítica e estudio introductorio de Ramón Mariño Paz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega). De alcance cronolóxico máis xeral son os traballos “Sobre certas alteracións do vocalismo tónico en galego e mais en portugués: Consideracións acerca da posible influencia metafonética exercida por /-e/ átono final de palabra” [*Verba*, 21 (1994), pp. 85-111] e “Consideracións sobre a historia dos sufixos -ancia/-anza, -encia/-enza, -icia/-iza, -icio/-izo e das terminacións -cia/-za e -cio/-zo do galego” [*Verba*, 22 (1995), pp. 157-189]. Noutro seu traballo presenta unhas atinadísimas reflexións metodolóxicas sobre o ámbito e os procedementos de análise das disciplinas lingüísticas de orientación diacrónica e diatópica: “Historia da lingua, lingüística histórica e dialectoloxía: notas para a investigación e a docencia destas materias” [*Cadernos de lingua*, 9 (1994), pp. 5-25].

Tamén orientou Rosario Álvarez a tese de licenciatura de Carme Hermida Gulías (*O artigo: funcións, valores e usos* [1986]), que serviu de base a un interesantísimo traballo posterior de corte diacrónico sobre a combinatoria do artigo e do posesivo no galego medieval (“O artigo co posesivo adxacente no galego medieval. Unha hipótese”, in R. Lorenzo (ed.) (1994): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas. Universidade de Santiago de Compostela, 1989. Sección VI. Galego. Sección VII. Romania Nova*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, pp. 297-308).

Un lugar destacado entre os animadores do estudio diacrónico correspondeulle a Antón Santamarina e a Francisco Fernández Rei como orientadores académicos. A comezos dos 80 planificaron a abordaxe sistemática do estudio da lingua medieval con vistas a ir reunindo información e materiais necesarios para a realización dunha gramática histórica. De aí saíron varias teses de licenciatura ocupadas en aspectos concretos da morfosintaxe medieval. Do ano 1982 son as *Construcións condicionais no galego medieval* de Henrique Monteagudo Romero (de aquí deriva “Subxuntivo futuro e indicativo presente na prótase das oracións condicionais do galego medieval”, in R. Lorenzo (ed.) (1994): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas. Universidade de Santiago de Compostela, 1989. Sección VI. Galego. Sección VII. Romania Nova*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, pp. 337-352) e no ano 1983 presentou Carlos Díaz Abreira a *Sintaxe do infinitivo (non perifrástico) no galego medieval*. No primeiro aténdese preferentemente a cuestións de semántica e no segundo préstaselle máis atención ós aspectos sintácticos desta forma infinita. No ano 1984 presentou Xavier Mouriño Cagide *A gada galega. Estado da cuestión* como tese de licenciatura. Fai un balance moi completo dos distintos aspectos deste fenómeno (primeiros testemuños, a súa recepción nas gramáticas e noutros estu-

dios, a súa espacialidade dialectal, as interferencias co castelán derivadas dela) e concédelle capítulos propios á discusión sobre a súa orixe (§ IV) e ós mecanismos que funcionaron no seu desenvolvemento histórico (§ V). Estes tres traballos foron dirixidos por Santamarina.

Da man de Fernández Rei viñeron outras teses de licenciatura. Do ano 1981 é a miña *Contribución ó estudio dos cuantificadores en galego medieval*, na que describo a sintagmática dos pronomes indefinidos de cuantificación nun corpus representativo do galego medieval. É do ano 1982 *Funcións sintácticas dos pronomes persoais tónicos na prosa galega medieval*, a tese de licenciatura de María do Carme Ares Vázquez (deriva dela “O pronome persoal suxeito na prosa galega medieval”, in M. Brea / F. Fernández Rei (eds.) (1991): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Tomo I. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 49-55). Xermán García Cancela encargouse dos adverbios de tempo e presentou *O adverbio de tempo no galego medieval* como tese de licenciatura en 1983. Rosa López Gato estudou a sistemática da negación en *A negación na prosa galega medieval*, presentada como tese de licenciatura en 1984 (deriva de aquí “A negación total ou conxional en galego medieval”, in M. Brea / F. Fernández Rei (eds.) (1991): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Tomo I. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 269-281). Do ano 1985 é *A indeterminación do axente na lingua das “Cantigas de Santa María”*, tese de licenciatura de Francisco Cidrás Escáneo que pola súa valía foi publicada axiña na revista *Verba* (1986 e 1987).

No ronsel trazado por este empeño académico colectivo, xa no marco do proxecto *Gramática Histórica*, eu mesmo retomei na década actual a empresa do estudo sistemático da lingua medieval e orientei a realización de varias teses de licenciatura concibidas e feitas como continuación do traballo planificado anteriormente por Antón Santamarina, Francisco Fernández Rei e Ramón Lorenzo. Do ano 1992 é *A Coordinación no galego medieval*, tese de licenciatura presentada por Marta Dacosta Alonso. Dese mesmo ano é a tese de licenciatura de Eduardo Moscoso Mato, titulada *A pasiva en galego medieval. A construción “ser + participio” nos Miragres de Santiago*. Sobre esta mesma temática publicou este investigador “As construcións pasivas do tipo “ser + participio” nos *Miragres de Santiago*” en *Cadernos de Lingua*, 9 (1994), pp. 129-162, e “Valores da construción “ser + participio” en galego medieval, Os *Miragres de Santiago*”, in R. Lorenzo / R. Álvarez (eds.) (1996): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 277-301. Do ano 1993 é a tese de licenciatura de Carme Silva Domínguez, na que, a pesar de que o seu título apunta á sincronía actual (*Os posesivos no galego moderno*), faise exposición das mudanzas do sistema dos posesivos nas Idades Moderna e Contemporánea. Tamén é froito do labor deste equipo o traballo de Elvira Villar Marcos “Revisión da estrutura apositiva: A súa presenza nas *Cantigas de Santa María*”, publicado en *Verba* (23 [1996], pp. 199-250) e presentado anteriormente como traballo de 3º Ciclo.

Con anterioridade e tamén durante estes anos realizou Ramón Lorenzo importantes obras e promoveu como orientador a realización de traballos académicos de corte diacrónico. É un fito da lingüística galega –non só da de corte diacrónico– o seu glosario da *Traducción da Crónica General (La Traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario*. Tomo I: Introducción, texto anotado e índice onomástico. Tomo II: Glosario. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijó”, 1975, 1977). É igualmente valioso o estudio lingüístico que presenta na introducción á edición da *Crónica troiana* (A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, 1985). Ten tamén gran importancia o bosquejo de gramática histórica que publicou no *Lexicon*: “La koiné gallega” [in G. Holtus / M. Metzeltin / C. Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Vol. 2, 2. Tübingen: Max Niemeyer, pp. 649-679]. Noutros traballos seus de fonética histórica especificamente sobre o galego trata sobre o problema das relacións entre oclusiva bilabial sonora, fricativa bilabial sonora e fricativa labiodental sonora e tamén sobre a evolución do subsistema de sibilantes (“Algunhas consideracións sobre a evolución do sistema consonántico do galego medieval ó moderno”, in J. Kabatek / A. Schönberger (Hrsg.): *Sprache, Literatur und Kultur Galiciens. Akten des 2. gemeinsamen Kolloquiums der deutschsprachigen Lusitanistik un Katalanistik (Berlin, 10.-12. September 1992)*. Lusitanischer Teil, Bd. 1. Frankfurt am Main: TFM/Domus Editoria Europaea, 1993, pp. 13-26. // “Algúns datos sobre a evolución das sibilantes medievais”, in Pereira, C. da Cunha / Pereira, P. R. Dias (coords.) (1995): *Miscelânea de Estudos Lingüísticos, Literários e Filológicos in memoriam Celso Cunha*. Rio de Janeiro: Nova Fronteira, pp. 231-237) e sobre os ditongos *ei*, *ou*, *oi/ui* e o hiato *eo/ea* (“Algunhas consideracións sobre a evolución do vocalismo galego e portugués”, in *Actas do VIII Encontro da Associação Portuguesa de Linguística*. Lisboa: APL, 1983, pp. 9-26). Tamén se ocupou de fenómenos de evolución fonética de alcance románico, como en “El rotacismo en las lenguas románicas”, *Verba*, 2 (1975), pp. 119-136 [nas pp. 135 e 136 trata o rotacismo en territorio galego-portugués]. Por último, destacan os traballos nos que combina a edición de documentos notariais medievais e o seu estudio filolóxico (“Un documento galego do ano 1482”, *Verba*, 13 (1986), pp. 127-142 [repr. en *Boletín Auriense*, 14/15 (1986), pp. 251-261] // “O estado da lingua nun documento do século XIV”, *Arquivos do Centro Cultural Português*, 23 (1987), pp. 49-69. // “Un documento galego de 1466”, in M. Brea / F. Fernández Rei (eds.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Tomo II. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 361-85. // “Documentos medievais do mosteiro de San Munio de Veiga”, *A Trabe de Ouro*, 25 (1996), pp. 103-17). No seu papel de orientador nótase claramente preferencia polos estudos de sintaxe. María Sol López Martínez presentou no ano 1981 *O acusativo con preposición no galego medieval* e dez anos máis tarde completou o ciclo de estudio deste asunto coa presentación de *O Complemento directo con preposición “A” en galego* como tese de doutoramento, a primeira das realizadas no ILG sobre sintaxe diacrónica (publicada

como anexo 36 da revista *Verba* [1993]). Esta investigadora publicou con posterioridade outros traballos sobre sintaxe da lingua medieval: “A propósito dalgunhas estruturas sintácticas do verbo *mandar* en galego”, in M. Brea / F. Fernández Rei (eds.) (1991): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Vol. I. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 283-291; “Unha Aproximación descritiva ó uso da preposición *A* co complemento directo en galego e castelán”, *Cadernos de Lingua*, 9 (1994), pp. 111-128. No ano 1987 presentou M. Gloria Paredes Ganuza *Estudio dos valores dos verbos aver e ter no galego dos séculos XIII-XV: breve estudio comparativo cos correspondentes verbos casteláns*. Tamén se pode considerar froito deste pulo o traballo de X. M. Gómez Clemente “Notas sobre a expresión concesiva no galego medieval”, publicado en Brea, M. / Fernández Rei, F. (eds.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Tomo I. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 179-198. Da mesma dirección saíu o ano 1994 a tese de doutoramento de Fernando R. Tato Plaza, titulada *O Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos (Séc. XV)*. Nela preséntase un exhaustivo glosario das palabras dos textos con explicacións lexicográficas e tamén histórico-gramaticais, en grande medida no ronsel do modelo do *Glosario* de Ramón Lorenzo (1977). Con anterioridade realizara Tato Plaza como tese de licenciatura a edición e estudio léxico dun libro de actas do século XV (*Léxico do Libro de actas do concello de Santiago (1416-1422): glosario (A-D), concordancia e texto* [1986]). Por último é destacable a preocupación pola incidencia do proceso de tradución na constitución da lingua dos textos galegos medievais, que presidiu e animou a realización da tese de licenciatura de María Xesús Bello Rivas, lida no ano 1995 e titulada *A Traducción galega da “Crónica General”*: *entre dependencia e innovación*.

Manuel González González foi neses anos un dos poucos animadores do avance da fonética histórica. A súa dedicación persoal e o seu papel como orientador teñen unha relevancia especial, pois ata hoxe son moi poucas as publicacións realizadas por xente nova neste dominio. Destaca o seu traballo “Resultados do latín ‘gingiva’ no territorio galego”, aparecido en *Verba* (vol. 11 [1984], pp. 65-100). Baixo a súa orientación realizou Xosé Henrique Costas González a súa tese de doutoramento, titulada *Aproximación sincrónica e diacrónica ó estudio das sibilantes galegas* e defendida no ano 1994. Nesta obra aplícase con rigor o modelo clásico de investigación conxunta nos planos diatópico e diacrónico e no dominio concreto da gramática histórica os seus resultados achegaron moita luz ó coñecemento da mecánica dos cambios nas sibilantes e dos seus reflexos gráficos nos textos medievais. A día de hoxe segue a se-la única tese de doutoramento de fonética histórica, presentada na Universidade de Santiago de Compostela.

Mercedes Brea desenvolveu unha parte da súa investigación ocupándose no estudio de aspectos singulares da lingua medieval. É o caso de “La parasíntesis en las *Cantigas d’escarnho e de mal dizer*”, en *Verba*, 4 (1977), pp. 127-136, “La Partícula gallego-portuguesa *ar/er*”, publicado en P. Peira [et al.] (eds.) (1988): *Homenaje a Alonso Zamora*

Vicente. Vol. 1. Madrid: Castalia, pp. 45-57, e “Anotacións sobre o uso dos adverbios pronominais en galego-portugués”, in D. Kremer (ed.) (1988): *Homenagen a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversario*. Tübingen: Max Niemeyer, pp. 181-190. De ámbito panrománico, pero con atención ó galego, é “Las preposiciones, del latín a las lenguas románicas”, publicado en *Verba*, 12 (1985), pp. 147-182. Tamén contribuíu como orientadora das teses de licenciatura de José Ignacio Pérez Pascual, que abriu no seu día os dominios da fonética histórica tomando como motivo un dos particularismos evolutivos máis característicos do galego e do portugués (*Sobre la -N- intervocálica en gallego*; é derivada dela “Observaciones en torno a la desaparición de la -N- intervocálica en gallego”, *Verba*, 9 [1982], pp. 201-213), e de Juan Luis Blanco Valdés, titulada *Composición de palabras en gallego-portugués* e presentada no ano 1985 (deriva de aquí “Palabras compostas en galego-portugués”, *Verba*, 12 (1985), pp. 199-252).

Un lugar moi destacado ocupan as investigacións de Alexandre Veiga nos anos oitenta. Traballou con moita lucidez e acerto en dúas liñas distintas. No terreo da fonética histórica contribuíu con estudos sobre algúns casos de redución de ditongos decrecentes (“Oir”, “col”, e outros casos de *[o] < au* en galego”, *Verba*, 9 (1982), pp. 153-200. // “Notas sobre algúns procesos reductivos de diptongos decrecentes en galego”, *Verba*, 13 (1986), pp. 301-311). Son igualmente de gran valor os estudos de semántica diacrónica do sistema verbal do galego (“Verbo latino e verbo galego : Notas pra unha análise comparativa”, *Verba*, 13 (1986), pp. 75-125), do verbo hispánico en xeral (“Sobre a reorganización das oposicións temporais en subxuntivo e subxuntivo irreal na diacronía do verbo hispánico”, in R. Lorenzo (ed.) (1993): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas. Universidade de Santiago de Compostela, 1989. Sección V. Gramática Histórica e Historia da Lingua*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, pp. 435-466) ou do galego e do castelán na perspectiva histórico-comparativa (“Sobre a decadencia do subxuntivo en prótases condicionais en galego e español e a subxuntivización da forma cantara”, in M. Brea / F. Fernández Rei (eds.) (1991): *Homenaxe ó profesor Constantino García / [organizado polo] Departamento de Filoloxía Galega*. Vol. 1. Santiago de Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade, 1991, pp. 497-539).

No terreo da divulgación cómpre mencionala voz “Galego” da *Enciclopedia Gallega*, redactada por Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Xosé Xove Ferreiro¹². Nela abórdase o coñecemento da lingua galega en tódalas súas dimensións. Nos capítulos IV (*Formación del gallego*) e V (*El sistema lingüístico gallego actual y su formación*) ofrecen unha visión esquemática da constitución léxica e gramatical da lingua galega. Pasan revista ós diferentes substratos, superstratos e adstratos que deixaron a súa pegada (preindoeuropeo, indoeuropeo, latino, xermánico e árabe) e á historia, necesariamente resumida e concisa, dos distintos sistemas que compoñen o código lin-

¹² Tomo 14, fascículo 222-224 (1974), pp. 222-255.

güístico. Na fonética presentan o máis característico da evolución e na morfosintaxe céntranse basicamente nas clases de palabras, como era de esperar, posto que é un traballo de compendio e nese tempo a penas nada se sabía da historia da sintaxe. Hai que salientar que non por ser de carácter eminentemente divulgativo deixa de ter esta obra seriedade e rigor.

2. O PROXECTO GRAMÁTICA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA

Na liña trazada nas décadas anteriores no ILG sitúase o proxecto que hoxe teño o pracer de presentar a este Congreso no nome dos investigadores que formamos parte del. Naceu coa pretensión de lles dar unha nova dimensión ós estudos de gramática histórica que superase algúns dos atrancos que no pasado impedían un rápido desenvolvemento dos mesmos. No ano 1992 decidimos poñer en marcha varias liñas de traballo con este fin, das cales algunhas están xa concluídas e outras están en fase intermedia ou inicial. Está practicamente rematada a confección dos paradigmas morfolóxicos medievais e temos xa en marcha un proxecto de estudio da oración na lingua medieval. A día de hoxe dispoñemos xa dun modelo de análise e da correspondente base de datos, que denominamos *Sintagal*. Aquí só me referirei ó corpus do galego medieval, pois foi o que ocupou a maior parte do noso tempo.

2.1. O equipo

O grupo inicial constituímolos José Antonio Puentes Romay, profesor do Departamento de Latín e Grego, María Sol López Martínez, profesora do Departamento de Filoloxía Galega e eu mesmo. Contamos desde ese momento coa axuda e o asesoramento de Ramón Lorenzo, profesor do Departamento de Filoloxía Galega. De seguido incorporáronse alumnos de doutoramento que iniciaban a súa investigación baixo a orientación dalgún dos anteriores. Alexandre Rodríguez Guerra, Eduardo Moscoso Mato e Carme Silva Domínguez empezaron as súas teses comigo e Elvira Villar Marcos fíxoo con Ramón Lorenzo. Moi recentemente incorporáronse tamén Xosé Luís Couceiro Pérez e Ramón Mariño Paz, profesores do Departamento de Filoloxía Galega.

A obtención dunha xenerosa axuda da Dirección Xeral de Política Lingüística durante os anos 1993, 1994, 1995 e 1996 posibilitou a contratación de persoal para a realización dos traballos fundamentais de dixitalización, corrección e etiquetado de textos. Contamos coa colaboración en calidade de bolseiros de Esther Martínez Eiras, Xosé Soto Andión, Valentina Veiga Alonso, Xoán Carlos Rodríguez Pérez, María Xesús Bello Rivas, María do Carme Pérez Picallo, Ana Vidal Meijón e Marta Souto Vaqueiro. Tamén contamos coa colaboración xenerosa e totalmente desinteresada de Amparo Cereixo Silva, María Liliana Martínez Calvo, Clemente López Leizán, Eva Méndez Fernández e Xavier Balsas Barbeira. Ó tempo que contribuían ó proxecto, estas persoas

iniciaban a súa investigación coa realización da memoria de licenciatura. Téñena xa presentada María Xesús Bello Rivas (véxase atrás) e Xosé Soto Andión (*O galego da Terra de Montes*). Están na fase de realización Esther Martínez Eiras (*Suffixos verbais no galego medieval*), María Liliana Martínez Calvo (*Suffixos nominais no galego medieval*), Amparo Cereixo Silva (*Os adverbios en -mente no galego medieval*), Xoán Carlos Rodríguez Pérez (*O barallete en Nogueira de Ramuín*) e Eva Méndez Fernández (*O galego do Courel*).

2.2. Os obxectivos: o corpus do galego medieval

O obxectivo inicial do equipo foi a elaboración dun manual de gramática histórica da lingua que, por unha banda, actualizase e superase a información contida no manual de García de Diego e, pola outra, adecuase as súas xeneralizacións á historia particular da lingua galega, diferenciada da portuguesa naqueles períodos nos que esta xa estaba xebrada. A día de hoxe aínda non nos foi posible abordar con garantías a elaboración deste manual, xa que non dispoñemos de traballos de base sen os cales os resultados non poderían ser plenamente satisfactorios. Por este motivo o manual pasou axiña a un segundo plano no horizonte dos obxectivos e hoxe non pode estar concluído, pois aínda faltan os estudos básicos dunha parte importante dos aspectos da sintaxe, a estrutura definitiva dos contidos de fonética e os posteriores labores de vertebración das partes (fonética, morfoloxía e sintaxe) e de revisión final.

A investigación en gramática histórica require un coñecemento sólido da lingua en tódalas épocas e, sendo estrictos, unicamente se pode falar da posibilidade dun coñecemento exhaustivo –no oral e no escrito– para o presente século. Para as etapas históricas é de suma importancia a lingua escrita das obras que chegaron ós nosos días, o único testemuño do estadio lingüístico correspondente. No equipo de investigación marcámonos como primeira tarefa establecer un corpus textual representativo da sucesión de estadios sincrónicos a partir do cal se puidese establece-la dinámica histórica da lingua. Non tivemos que ocuparnos de tódalas épocas, pois no propio Instituto da Lingua Galega están en marcha dous proxectos que teñen como un dos seus obxectivos a conformación de corpus. Da Idade Moderna ocúpase un equipo dirixido polo profesor Ramón Mariño. O proxecto, que leva por título *Historia do galego escrito*, ten como obxectivo estudar-lo proceso de formación e consolidación dun modelo de lingua escrita culta galega desde o século XVI ata os nosos días, aínda que polo momento limitase o período ata 1840. O proxecto abrangue distintas facetas, que van desde a edición crítica de obras que non estean editadas ou que o estean defectuosamente, ata a realización de estudos gráficos, morfolóxicos e sintácticos da lingua dos autores das diferentes épocas. Os resultados acadados por este equipo na fixación dos textos do galego medio son moi satisfactorios e a súa xenerosa cesión fan innecesario que nos ocupemos no establecemento do corpus deste período. Para os séculos XIX e XX, aínda que tamén abrangue os textos posmedievais anteriores a 1840, vén desenvolvendo Antón Santamarina desde hai máis de dez anos un ambicioso proxecto de *Concordancia e lematización de textos literarios, ensaísticos e*

científicos do galego moderno (de Sarmiento a hoxe), ó que tamén se lle sumaron textos orais, con vistas á realización do *Gran Dicionario Xeral da Lingua Galega*. É, sen dúbida, o mellor e máis rico corpus do galego contemporáneo e a súa lematización convérteo nun instrumento de incalculable valor para calquera tipo de investigación lingüística e nun modelo próximo –e accesible desde o comezo pola xenerosidade do director– que topamos unha excelente guía na posta en marcha do noso proxecto.

A Idade Media e os seus textos convertéronse, por lóxica, desde o comezo na sincronía de atención preferente na conformación do corpus. Mais presentouse a cuestión de marcar uns límites cronolóxicos e xeográficos. Na cronoloxía o punto inicial márcalo a aparición de textos en romance e o punto final os textos redactados en romance propio ós comezos do século XVI. No xeográfico resultou daquela –como segue sendo hoxe– unha cuestión sumamente delicada topar e manexar criterios firmes de territorialidade. Na contemporaneidade os límites coinciden coas demarcacións políticas transnacionais ó sur (Portugal) e coas isoglosas delimitadoras do galego ó oeste e do astur-leonés e do castelán ó leste en terras de Asturias, León e Zamora. Na Idade Media, pola contra, non é posible trazar deste xeito os límites, pois antes que a da territorialidade está a cuestión da extensión cronolóxica do período no que todo o occidente da Península compartía un mesmo e único romance, o toro do que máis tarde xurdirían o galego e o portugués. Ó ser esta unha cuestión aínda a debate e na que os posicionamentos máis distanciados van da consideración de toda a Idade Media como período común ata a exclusión total da Idade Media documentada en romance, parecéuno-la postura máis intelixente non excluír na fase de conformación e elaboración do corpus ningunha obra escrita en romance occidental nos territorios galaicos e portugueses. Foi unha medida acertada, pois non só non condiciona para o futuro a toma de decisión acerca da duración do período común occidental, senón que é un paso necesario que había que dar se se quere enfrontar seriamente e con rigor tan espiñenta cuestión. Mais iso, como tamén o estudo particularizado das unidades lingüísticas, era un obxectivo a longo prazo e quixemos que non interferise como un ruído molesto na fase do corpus. Máis adiante abondará con tomar en consideración tales con tales obras, ou con facer un uso distinto delas en función da postura adoptada.

Dispoñer dos textos medievais informatizados era unha necesidade imposta polo actual curso da investigación filolóxica e esa foi a tarefa inicial que se impuxo o equipo. A tarefa era ardua e os esforzos e recursos requiridos eran considerables. Foi decisiva a colaboración prestada pola Dirección Xeral de Política Lingüística. Gracias á súa contribución foi posible a dotación, por unha parte, de recursos materiais –basicamente equipamento informático, mobiliario e bibliográfico– e, pola outra, de recursos humanos. A contratación de bolseiros permitiu realizar aceleradamente os traballos básicos de dixitalización ou de corrección de textos previamente escaneados. Iniciamos xa no mesmo ano 1992 a recolleita das edicións dos textos medievais, moi dispersos e en moitos casos difíciles de localizar ou conseguir.

2.2.1. Os procedementos e convencións no asentamento dos textos

A conformación do corpus requiriu a adopción de decisións en atención a varios aspectos importantes relativos á súa coherencia interna, á relación coas fontes editadas ou á súa utilización en estudos lingüísticos.

Na inevitable cuestión do tipo de representación no corpus do texto da edición impresa utilizada como fonte preferimos alterar o menos posible as decisións dos editores. Respectouse escrupulosamente o texto tal como aparece disposto, sen que se levase a cabo ningunha corrección nin uniformización en cuestións tales como a puntuación, a acentuación ou calquera aspecto grafemático (*u/v/b*, *i/j/y/h*, *~/n/m/ñ*, *c/ç*, *q/qu/c/k*, *s/ss//σ/*). Isto permite manter intactas as posibilidades para os estudos de grafemática ou de fonética que a uniformización esborrallaría innecesariamente. Por outra banda, no futuro será doado chegar a unha 2ª versión electrónica do corpus que recolla as uniformizacións recomendables ou mesmo necesarias para certos estudos, como os morfolóxicos ou os léxicos. En dúas das obras fixemos excepción no mantemento da fidelidade escrupulosa á edición impresa, pero non porque efectuásemos nós a corrección, senón porque en publicacións posteriores ofrécese novas lecturas claramente preferibles. A *Historia Troiana*, deficientemente editada por K. H. Parker, informatizámola incluíndolle as correccións feitas por R. Lorenzo e publicadas en *Verba*, 9 (1982), pp. 253-290. A *General Estoria* editámola incorporándolle as correccións –aínda inéditas, pero cedidas amablemente– que á edición de R. Martínez López lle ten feitas R. Lorenzo. Por outra banda decidimos non marcar diferencialmente nesta primeira versión do corpus o desenvolvemento de abreviaturas debido a cuestións técnicas derivadas das limitacións impostas polo programa de tratamento textual empregado. Para a segunda versión será unha cuestión prioritaria.

A fidelidade á edición levounos a respectar tamén a disposición de páxinas e liñas no texto, coa excepción daquelas palabras que aparecen cortadas no final da liña ou da páxina, que se xuntaron sistematicamente na superior. Esta mesma solución déuselles ás locucións, ós topónimos e ós antropónimos complexos que aparecen distribuídos en liñas ou páxinas distintas.

A natureza polimórfica dos textos medievais, a diversidade de criterios de edición e a necesidade de operar con seguranza na análise morfosintáctica e léxica, fixo imprescindible intervir na separación das palabras seguindo os criterios actuais. Procedeuse a unir ou a separar palabras que aparecen segmentadas de forma problemática, inconveniente ou simplemente defectuosa (márcanse no texto mediante “/” [separación] e “&” [unión]).

Uníronse sistematicamente as palabras integrantes de locucións prepositivas, conxuntivas, adverbiais e pronominais. Ofrecemos algúns exemplos da *Lírica Profana*:

- (a) *prepositivas*: aalen&de, aderredor&d', a&vezes, cabo de, a&pesar&de, depois&de, depouys&a, de&cima&de, preto&de...; (b) *conxuntivas*: antes&que, cada&que, cada&u, como&quer&que, depouys&que, des&quando, des&que,

de&guisa&que, de&prez&que, em&quant', mais&pero, se&non&que...; (c) *adverbiais*: aas&primeiras, a&boa&fe, a&caron, a&eito, a&finas&e&a&fio, de&bon&grado, de&chão, de&coraçõ, de&dur, de&guisa, de&noite, de&quand&en&quando, tod&en&tod'...; (d) *pronominais*: aquest&outr', as&mais&de, cada&hüu, estes&outros, ja&quanto, nen&hüa, quem&quiser, quis&cada&quen...

Asentáronse como unidade indivisa os topónimos e antropónimos complexos:

(a) *topónimos*: @@antre&Doir&e&Minho, @@Castro&Mentireiro, @@Moe-da&Velha, @@Monte&Mayor, @@Riba&Sil, @@Sam&Salvador, @@San&Mamede&do&mar, @@Vilar&de&Paes...; (b) *antropónimos*: **Abril&Pérez, **Afonso&Sánchez, **Bernal&Fendudo, **Domingas&Eanes, **Elvira&Padrõa, **Estev&Eanes, **Lourenço&Bouçon, **Maior&Moniz, **Martin&Gil, **Paai&Rengel... (exemplos tamén da *Lírica Profana*).

Xuntáronse os constituíntes de palabras que o editor preferiu manter separados de conformidade co manuscrito:

albar&dan, alen&mar, castelo&forte, crua&mente, de&tras, dom&na, filho&d&algo, guarda&cos, longada&mente, mal&aventuradas, meio&dia, pena&veyra, toda&via, verdadeira&mente... (exemplos tamén da *Lírica Profana*).

Actuouse en sentido contrario separando clíticos de verbos (*acha/los edes, gra-ci/lo-ei, parti/lo coraçõ...*), doutros clíticos (*lh/o, vo/lo, x/os...*), de preposicións (*pe/lo veer...*) e de conxuncións ou adverbios (*e poi/las vi, poi/lo viiu ir, nõn/o...*). Tamén se separaron os constituíntes de contraccións ou asimilacións: preposición e pronome (*a/l, d/ele, d/este, d/o, d/outra, d/un, en/o, n/os, po/lo, po/lla, sobre/lo meu...*), preposición e clítico (*po/lo veer, po/lo achar, po/la amar...*); verbo e artigo (*anda/las cervas, vee/la dona...*), pronome e artigo (*toda/las...*), conxunción e artigo (*Poi/lo meu coraçõ, Mai/lo que vai tal pregunta fazer...*), etc. (exemplos tamén da *Lírica Profana*).

Quixose marcar ben a diferenca entre as voces comúns e os elementos onomásticos. Os topónimos, antropónimos e designacións de institucións marcáronse facéndoos preceder de símbolos distintos: “@@” para os topónimos (@@Arouca, @@Bonaval, @@Morraz...), “**” para os antropónimos (**Anrique, **Deus, **Meendo...) e “%%” para os nomes de entidades (%%Cistel...). Caso de seren compostos aséntanse unidos mediante “&” e son compatibles entre si no interior dun mesmo sintagma (**Vintin&de&@@Meyra, **Roí&Gómez&de&@@Telha...).

A ferramenta informática prevista para o manexo do corpus na procura de información sistematizada condicionou decisivamente algúns aspectos técnicos. O programa manexado é o TACT (*Text Analysis Computing Tools*). Trátase dun paquete de dominio público elaborado polo *TACT Development Group* do *Center for Computing in the Humanities* da Universidade de Toronto (Canadá). O equipo está formado por un nutrido grupo de investigadores, entre os que cabe destacar a I. Lancashire (director), J. Bradley (programador), M. Stairs (programador), E. A. Heinemann e T. R. Wooldrighed. A última versión (2.1.4) é de 1995. Presenta a peculiaridade –nestes momentos o incon-

veniente— de ser unha ferramenta concibida para DOS e non adaptada a Windows, polo que xa empeza a amosar incompatibilidades importantes coas características propias deste novo sistema operativo que está a substituír completamente o DOS. Esperámo-la rápida aparición da versión para Windows, mais no entre tanto temos que axustarnos ás estreitas marxes que representan as súas posibilidades. Tampouco ignorámo-los estándares que se están impoñendo na confección de corpus e neste sentido temos prevista a medio prazo a conversión ó formato SGML.

A primeira consecuencia derivada do TACT é o formato no que debe esta-lo texto. O asentamento dos textos fíxose en ASCII, o formato libre para DOS. Non é esta unha chata, pois a conversión no futuro a outros formatos non ofrece problemas.

Unha segunda consecuencia, neste caso problemática, é a limitación a 136 dos símbolos dispoñibles do alfabeto (os caracteres básicos de ASCII), incluídos neles os correspondentes á sintaxe de funcionamento do propio programa. Este sistema resultou insuficiente para dar conta da grande diversidade grafémica dos nosos textos medievais, polo que tivemos que botar man de solucións *ad hoc* que son válidas para uso interno do proxecto, pero que haberá que compatibilizar cos estándares internacionais cando o corpus se poña a disposición da comunidade de investigadores. Na confección do alfabeto topamos coa dificultade que representan o til de nasalidade sobre unidades diferentes de *a* e *o*, a grande variedade na representación gráfica das sibilantes, a presenza do acento gráfico sobre vocal con til e algunha outra máis puntual, como o signo tironiano.

O uso da diérese resolveu case totalmente a cuestión do til de nasalidade. Acudimos a el para representalo con tódalas vocais —incluídas *a*, *o* e *y*— ($\tilde{a} = \tilde{a}$, $\tilde{u} = \tilde{u}$, $\tilde{e} = \tilde{e}$, $\tilde{i} = \tilde{i}$, $\tilde{o} = \tilde{o}$, $\tilde{y} = \tilde{y}$). Para os caracteres que non admiten a diérese optamos por valernos dun dígrafo, formado polo til de nasalidade e o carácter correspondente ($\sim j$, $\sim m$, $\sim q$...).

A representación das sibilantes nalgunhas obras comporta unha variedade grafemática notable (os documentos de Sponer e os de Clarinda Maia). Para consignala acudimos novamente ós dígrafos. Transcribimos como $\langle \#s \rangle$ o *s* alto, como $\langle +s \rangle$ o *s* con dobre curva, con $\langle *s \rangle$ o ζ visigótico e con $\langle !s \rangle$ o sigma.

O signo tironiano representámolo co dígrafo $\langle *e \rangle$.

O acento gráfico sobre vocal nasal representámolo mediante o dígrafo composto polo símbolo da arroba e a vocal correspondente ($\langle @\tilde{o} \rangle$, $\langle @\tilde{i} \rangle$, $\langle @\tilde{e} \rangle$, $\langle @\tilde{u} \rangle$, $\langle @\tilde{a} \rangle$, $\langle @\tilde{y} \rangle$, $\langle @\sim j \rangle$).

En cada obra inseríronse referencias útiles para a posterior contextualización no proceso de recuperación de información mediante concordancias. Unhas van no encabezamento e outras polo medio do texto.

Hai referencias xerais, que figuran en todo tipo de textos. Subministran información relativa á autoría e ó título dous tipos de referencia:

(a) Nome da obra en abreviatura sistematizada e regularizada.

(b) Nome do autor (se a obra é traducida e é coñecida a identidade do traductor indícase (“tr.”). Na documentación notarial indícase aquí o nome do notario ou escribán. En caso de autoría descoñecida figura “Anónimo”).

Outras referencias conteñen información cronolóxica:

(c) Século. Naqueles casos nos que a datación da redacción dunha obra remite a un período que comprende máis dun século –xeralmente por falta de seguranza na cronoloxía– indícase poñendo un guiño entre os números (por exemplo “13-14” para a Traducción da *Crónica General*).

(d) Ano (información en xeral só dispoñible para a documentación notarial).

Algunhas referencias encárganse de facilita-la contextualización dentro da obra:

(e) Volume ou tomo.

(f) Capítulo ou número de documento ou cantiga. En obras redactadas ou editadas sen indicación de capítulos (LP, GE, HT, FT e TA), e para facilitar unha consulta áxil, establecémoslos convencionalmente de acordo con criterios de rigorismo apoiados na construción e disposición textual. Nestes casos o capítulo aparece entre corchetes.

(g) Páxina.

(h) Liña (en relación ó capítulo ou número de documento ou cantiga).

Dúas das referencias atenden á tipoloxía textual:

(i) Texto. Indícase se é en verso ou en prosa, e se é prosa literaria, histórica, notarial, etc.

(l) Xénero. Nas obras notariais indica a tipoloxía documental segundo a súa finalidade legal (doazón, venda, testamento, etc.). Nas obras literarias en verso indica a tipoloxía literaria da cantiga. Nas cantigas profanas recóllense os tres grandes xéneros (amigo, amor e escarnio) e nas cantigas marianas aténdese a distincións temáticas e compositivas (narrativas, de loor, etc.).

Na produción da obra teñen relevancia dous tipos de datos:

(m) Tipo. Nas obras notariais indícase o carácter orixinal, de copia ou de traslado do documento. Nas obras non literarias indícase se se trata dunha obra orixinal ou traducida.

(n) Lingua. Indica a lingua da obra orixinal nas obras traducidas.

É específica das obras notariais unha referencia de carácter espacial e interese dialectal:

(o) Localización. Indica literalmente o nome do lugar de redacción do documento (representa xeralmente a demarcación territorial da competencia do notario). Cando é posible tamén se incorpora a información correspondente ó concello e á provincia na actualidade.

É específica da *Lírica Profana* unha referencia de carácter cronolóxico:

(p) Xeración. Énchese este oco referencial coa indicación das cinco xeracións nas que distribúe Tavani os trobadores galego-portugueses.

2.2.2. *As fontes textuais do corpus*

Na incorporación de obras ó corpus realizouse primeiro a das redactadas en Galicia e a seguir a das redactadas en Portugal.

